



CONVENIO DE COLABORACIÓN 3740/11 ENTRE O INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES DE VIGO E O CENTRO ESCOLAR IES DE TEIS POLA UTILIZACIÓN DA INSTALACIÓN MUNICIPAL DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE TEIS PARA IMPARTIR A DOCENCIA DAS CLASES DE E.F.

Dunha parte D. Abel Caballero Álvarez, Alcalde do Concello de Vigo e D. José Manuel Fernández Pérez, Presidente da Xunta Rectora do IMD de Vigo.

Doutra parte D. Luis Vilán Crespo, como representante legal do Centro IES de Teis, con Dni 36065197R tal como acredita.

MANIFESTAN QUE

O Concello de Vigo, a través da súa Concellería de deportes e do Instituto Municipal dos Deportes, ten entre os seus obxectivos, colaborar coa dinamización das actividades vinculadas á actividade física e deportiva en calquera das súas manifestacións ou vertentes, entre a que se atopa a do ámbito educativo.

O Centro escolar IES de Teis, desenvolve a súa labor formativa nas súas instalacións, ubicadas na rúa Avda. De Galicia, 101, próximas ó Pavillón Municipal de Teis. Este centro público educativo non dispón do espazo suficiente, necesario e axeitado para o desenvolvemento das clases de E.F.

A Ordenanza Nº 52, Reguladora de prezos públicos pola utilización das instalacións deportivas municipais pertencentes ó IMD, no seu artigo 6, apartado a), establece que "os colexios públicos que carezcan de instalacións deportivas suficientes e demanden a utilización de instalacións deportivas ó IMD para a realización das actividades docentes de Educación Física coa autorización expresa do Presidente do Consello de Administración do IMD, condicionada á ratificación definitiva polo devandito Consello de Administración, estarán exentos do pagamento dos prezos públicos correspondentes.

As actuacións de colaboración entre administracións no eido do deporte e a E.F pode contribuir a consolidar hábitos de vida saudable, a mellorar a condición física da poboación escolar da cidade e a mellorar as condicións nas que se desenvolven as actividades docentes de Educación Física.

Polo cal procédese asinar un convenio de colaboración que rexirásese polas seguintes cláusulas,



CLAÚSULAS

1. Este convenio establécese como marco de entendemento e colaboración mutua que permita desenvolver as actividades docentes de E.F. do Centro escolar próximas ó Pavillón Municipal de Teis nas instalacións Municipais do Pavillón de Teis.
2. O Centro escolar próximas ó Pavillón Municipal de Teis, en base ó artigo 6, letra a), da ordenanza Nº 52, Reguladora de prezos públicos pola utilización das instalacións deportivas municipais pertencentes ó IMD, estará exento de abonar o prezo público correspondente a utilización da instalación obxecto do presente convenio, e que ascende ó importe estimado de 3.485,90€.
3. O Centro escolar próximas ó Pavillón Municipal de Teis comprométese a desenvolver as clases de E.F. nas condicións establecidas no presente convenio, na instalación deportiva municipal do pavillón de Teis e na Piscina Municipal de Teis nos horarios e datas establecidos no presente convenio.
4. O Centro escolar IES de Teis presentará, á sinatura do convenio o listado de cursos que desenvolverán as clases en cada franxa horaria.
5. O Centro escolar IES de Teis é o responsable do desenvolvemento das clases na instalación Municipal, debendo estar presente na instalación en todo momento o responsable da clase.
6. O Centro escolar IES de Teis comunicará ó IMD con antelación suficiente calquera cancelación ou alteración nos horarios das clases.
7. O IMD non terá ningunha responsabilidade co calquera incidente que poidera resultar derivado do desenvolvemento da actividade docente.
8. O centro educativo presentará unha póliza de responsabilidade de cobertura da actividade previa á sinatura do convenio.
9. Os alumnos que desenvolvan a actividade na instalación será exclusivamente os vinculados ás clases de E.F. do centro, non estando permitido ningún outro uso que non sexa a impartición da docencia.
10. Os alumnos accederán á instalación precedidos polo docente responsable da clase, non estando permitido o acceso dos alumnos en caso contrario. Da mesma forma, o docente será a última persoa en abandonar a instalación, asegurándose de que ningún alumno ou alumna queda na instalación.



11. O Instituto Municipal Dos Deportes de Vigo, aportará o espazo para o desenvolvemento das clases.
12. O IMD resérvase a posibilidade de dispoñer da instalación por cuestións de programación. Neste caso se avisará por escrito á entidade, debendo ésta cancelar a docencia na instalación Municipal.
13. A vixencia deste convenio é para as citadas actividades nos seguintes horarios para o curso académico 2015-2016, a posibles modificacións solicitadas polo centro, en todo caso, estarán supeditadas a criterios de organización e disponibilidad de instalacións:

Días	Horario
Luns	9:30h a 14,30h e de 16,00h a 17,30h
Martes	10:10h a 14,30h e de 16,00h a 17,30h
Mércores	10:10h a 14,30h e de 16,00h a 17,30h
Xoves	10:10h a 14:30h
Venres	10:10h a 14:30h

14. O Convenio deberá renovarse curso a curso, previa solicitude do Centro escolar IES de Teis, nas datas establecidas na normativa do IMD.
15. O Presidente do IMD queda facultado para resolver calquera dúbida ou litixio que puidera derivarse do desenvolvemento deste convenio.

Como proba da conformidade asinan en Vigo o presente convenio por duplicado, o día 25 de Setembro de 2015

O Alcalde do Concello de Vigo

Asdo. D. Abel Caballero Álvarez

O Director do Centro escolar IES de Teis

Asdo. D. Luis Vilán Crespo

O Presidente do IMD.

Asdo. D. José Manuel Fernández Pérez

A Secretaria da Xunta Rectora do IMD

Asdo. Dña. Concepción Campos Azuña